



VALDOVIÑO



FASE DE OPOSICIÓN: PERSOAL TÉCNICO DE IGUALDADE (1ª proba)

O cuestionario contén 50 preguntas e 5 de reserva con catro respostas alternativas sendo só unha delas a correcta. A proba valorarase cun máximo de 10 puntos, a razón de 0,20 a resposta correcta. Cada pregunta contestada incorrectamente restará 0,10 da puntuación final. As preguntas sen contestar non suman nin restan. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 90 minutos.

PARTE COMÚN

1. Segundo o artigo 9 da Constitución Española:

- a) Corresponde aos poderes públicos remover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra non sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.
- b) Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.
- c) Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a desigualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou axuden á súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.
- d) Corresponde aos poderes públicos impedir as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; promover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e dificultar a participación de todos os cidadáns na vida política.

2. Segundo o artigo 140 da Constitución española, o goberno e administración dos municipios correspóndelles aos seus respectivos concellos, integrados por:

- a) O alcalde
- b) Os concelleiros
- c) O alcalde e os concelleiros
- d) O alcalde, os concelleiros e o pleno

3. Segundo o artigo 9 do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a) Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu director.
- b) Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Senado, da Xunta e do seu Presidente.
- c) Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta, do seu Presidente e dos Conselleiros.
- d) Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente.

4. Segundo o artigo 11 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o municipio é:

- a) Os territorios nos que se dividen as provincias.
- b) A entidade territorial básica da organización territorial do Estado.
- c) O termo no que se insire o goberno municipal propio
- d) A entidade territorial na que se organiza as provincias dentro dos países

5. Segundo o artigo 11 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, son elementos do municipio:

- a) O territorio, a poboación e a organización.
- b) O territorio e a poboación.
- c) O territorio, a poboación e as competencias.
- d) O territorio, a poboación e o seu ordenamento xurídico.

6. Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación á representación:

- a) Para formular solicitudes, presentar declaracións responsables ou comunicacións, interpoñer recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa, deberá acreditarse a representación.
- b) Para formular solicitudes e presentar declaracións responsables non debe acreditarse a representación.
- c) Para interpoñer recursos, desistir de accións e renunciar a dereitos en nome doutra persoa é necesario presentarse con quen ostente a representación.
- d) En ningún caso pode haber representación cando se trata de relación coa administración.

7. Segundo o artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cal NON é un dereito das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas:

- a) A ser asistidos no uso de medios electrónicos nas súas relacións coas Administracións Públicas.
- b) A esixir as responsabilidades das Administracións Públicas e autoridades, cando así corresponda legalmente.
- c) A ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e empregados públicos, que haberán de facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigacións.
- d) A comunicar os datos que coñezan e que permitan identificar a outros interesados que non tiveran comparecido no mesmo.

8. Os tipos de contrato do sector público son:

- a) Os contratos de obras, concesión de obras, concesión de servizos, subministración e servizos
- b) Os contratos de construción, concesión de saneamento sanitario e contratos legais.
- c) Os contratos de empresas xenéricas e sociedades limitadas.
- d) Os contratos de servizos sociais e obras de urbanismo.

9. O persoal público NON ten un dos seguintes dereitos individuais que se exercen de forma colectiva:

- a) Á liberdade sindical.
- b) Á negociación colectiva e á participación na determinación das condicións de traballo.
- c) Ao exercicio da folga, coa garantía do mantemento dos servizos esenciais da comunidade.
- d) Ao teletraballo en coordinación co resto de persoal da súa unidade.

10. Segundo a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais dun/a menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa:

- a) Maior de 14 anos
- b) Maior de 10 anos
- c) Maior de 18 anos
- d) Non pode recabarse datos de persoas menores de idade.

PARTE ESPECÍFICA

1. Segundo a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, é un dereito das persoas usuarias:

- a) Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso ao sistema galego de servizos sociais, facilitando información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para a súa utilización e comunicando as variacións que experimenten as mesmas.
- b) Comunicar ao persoal de referencia calquera cambio significativo de circunstancias que puidese implicar a interrupción ou modificación substancial da intervención proposta polos servizos sociais.
- c) A unha intervención individualizada acorde coas súas necesidades específicas, así como a que se lles asista nos trámites necesarios para o seu acceso á atención social, sanitaria, educativa, cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.
- d) Cando utilicen as instalacións ou residan nun centro, observar os regulamentos de réxime interior e normas de funcionamento ou convivencia.

2. Segundo a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, é unha das funcións dos Servizos Sociais Comunitarios:

- a) O estudo e diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención.
- b) A elaboración dun plan de intervención xurídica e sanitaria acorde coas necesidades detectadas ou anticipadas no diagnóstico social.
- c) A marxinación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social.
- d) A información, orientación e asesoramento á poboación migrante, facilitando o seu acceso aos recursos culturais.

3. Segundo a Lei 03/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o seu obxecto é:

- a) Regular a diversidade de familias existentes e as súas características, determinando a tipoloxía de recursos e axudas que lles corresponden.
- b) Recoñecer á familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa, regulando a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros, e, en especial, aos nenos e nenas e adolescentes.
- c) Determinar a tipoloxía de familias que existen e establecer unhas pautas para unha convivencia positiva.
- d) Establecer o contido mínimo que debe ter o Protocolo de Relacións para a Convivencia polo que se rexerán as comunidades veciñais.

4. Segundo a Lei 03/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, e ás familias de especial consideración, pódese dicir que en canto ás situacións de “familias vítimas de violencia de xénero:

- a) Tamén teñen a consideración de vítima de violencia de xénero os fillos e fillas menores dunha muller vítima desta violencia, así como as e os menores suxeitos á súa tutela, garda ou custodia.
- b) Os fillos e fillas nunca son considerados vítimas da violencia de xénero por selo súa nai.
- c) Teñen consideración de vítima só os fillos e fillas maiores de idade.
- d) Tamén teñen consideración de vítima só no caso de ter sufrido agresión física no mesmo momento que a súa nai.

5. Segundo a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, son accións positivas:

- a) As boas prácticas en materia de Igualdade
- b) As actuacións políticas e administrativas que buscan acadar unha mellora nos Plans de Igualdade establecidos nos diferentes organismos.
- c) As medidas específicas en favor das mulleres para corrixir situacións patentes de desigualdade de feito respecto dos homes. Tales medidas, que serán aplicables en tanto subsistan ditas situacións, haberán de ser razoables e proporcionadas en relación co obxectivo perseguido en cada caso.
- d) O bo facer e os indicadores de calidade que teñan as Administracións en materia de Igualdade.

6. Segundo a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, é acoso sexual:

- a) Calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatorio, degradante ou ofensivo.
- b) Só os comportamentos físicos, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatorio, degradante ou ofensivo.
- c) Só os comportamentos verbais, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatorio, degradante ou ofensivo.
- d) Non existe o acoso sexual, só o acoso de xénero.

7. Segundo a Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, considérase publicidade ilícita aquela que:

- a) Non visibilice tamén aos homes e só aparezan mulleres.
- b) Utilice a imaxe da muller con carácter vexatorio ou discriminatorio.
- c) Poña imaxes de mulleres e homes facendo cousas diferentes.
- d) Saian nenos e nenas menores de idade.

8. Segundo a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a través da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- a) Buscarase que a igualdade e a liberdade das persoas sexan reais e efectivas, con independencia do seu sexo e dos estereotipos de xénero.
- b) Promocionarase unha vida pública igualitaria na que se reivindique unha igualdade de dereitos.
- c) Buscarase que homes e mulleres sexan iguais completamente.
- d) Promocionarase que as persoas sexan iguais e libres en función de se son homes ou mulleres.

9. Segundo a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o uso non sexista da linguaxe consiste en:

- a) Empregar un feminino xenérico en todos os textos.
- b) Non empregar en ningún caso o masculino.
- c) Uso correcto da linguaxe, con formas coherentes en relación ao xénero entre sustantivos e adxectivos.
- d) Na utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras que invisibilizan o feminino ou que o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.

10. É obxecto da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia:

- a) Garantir o principio de desigualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais.
- b) Garantir o principio de igualdade de trato e de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais.
- c) Garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais.
- d) Garantir o principio de desigualdade de trato e de discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais.

11. Segundo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, existe discriminación directa:

- a) Cando se lle falta ao respecto a unha persoa de maneira directa, increpándoa ou insultándoa.
- b) Cando as persoas non son tratadas todas iguais por ser persoas.
- c) Cando unha persoa homosexual ou bisexual é discriminada nunha situación desfavorable.
- d) Cando unha persoa sexa, fose ou puiden ser tratada de xeito menos favorable que outra en situación análoga ou comparable por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.

12. Segundo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia existe discriminación indirecta:

- a) Cando unha persoa é discriminada por un colectivo ou socialmente
- b) Cando as políticas non inclúen principios concretos para a non discriminación.
- c) Cando unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poidan ocasionar unha desvantaxe particular a persoas por razón da súa orientación sexual ou identidade de xénero.
- d) Cando se da unha violencia sutil e un trato degradante de xeito indirecto.

13. Segundo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia existe discriminación múltiple:

- a) Cando unha persoa sexa discriminada por razón da súa orientación sexual e/ou identidade de xénero conxuntamente con outra causa ou causas de discriminación, como idade, relixión ou crenzas, convicción ou opinión, sexo, orixe racial ou étnica, incapacidade, enfermidade, lingua, situación económica ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, creando unha forma específica de discriminación.
- b) Cando alguén ademáis de ter unha orientación sexual diferente coincide que é discriminada tamén por ser doutra raza distinta.
- c) Cando alguén sofre discriminación repetidamente por diferentes motivos ao longo da súa vida.
- d) Cando unha persoa homosexual non é respetada pola súa orientación sexual e ademáis ten unha incapacidade por enfermidade ou unha situación económica precaria.

14. En relación ao Pacto contra a Violencia de Xénero:

- a) Este Pacto implica incidir no ámbito xurídico e familiar e contén 214 medidas do Congreso dos Deputados e 267 medidas do Senado. A Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero é o órgano do Goberno encargado de coordinar e impulsar a execución das medidas.
- b) Este Pacto implica incidir en todos os ámbitos da sociedade e contén 214 medidas do Congreso dos Deputados e 267 medidas do Senado. A Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero é o órgano do Goberno encargado de coordinar e impulsar a execución das medidas.
- c) Este Pacto implica incidir no ámbito educativo e sanitario e contén 214 medidas do Congreso dos Deputados e 267 medidas do Senado. A Xunta de Galicia é o órgano do Goberno encargado de coordinar e impulsar a execución das medidas.
- d) Este Pacto implica definir o ámbito sociocomunitario e contén 214 medidas do Congreso dos Deputados e 267 medidas do Senado. A Xunta de Galicia é o órgano do Goberno encargado de coordinar e impulsar a execución das medidas.

15. Cal dos seguintes é un eixo do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero?

- a) A mellora da resposta institucional a través da descoordinación e o traballo en rede, entre as autoridades e organismos responsables. Iso implica maximizar o uso dos recursos dispoñibles, promovendo recursos de apoio no ámbito local, perfeccionando os protocolos de actuación e de comunicación entre os diferentes axentes intervenientes.
- b) A mellora da resposta institucional a través da coordinación e o traballo en rede, entre as autoridades e organismos irresponsables. Iso implica maximizar o uso dos recursos dispoñibles, promovendo recursos de apoio no ámbito local, perfeccionando os protocolos de actuación e de comunicación entre os diferentes axentes intervenientes.
- c) A mellora da resposta institucional a través da coordinación e o traballo en rede, entre as autoridades e organismos responsables. Iso implica maximizar o uso dos recursos dispoñibles, promovendo recursos de apoio no ámbito local, perfeccionando os protocolos de actuación e de comunicación entre os diferentes axentes intervenientes.
- d) A mellora da proposta institucional a través da coordinación e o traballo en rede, entre as autoridades e organismos responsables. Iso implica minimizar o uso dos recursos dispoñibles, promovendo recursos de apoio no ámbito local, perfeccionando os protocolos de actuación e de comunicación entre os diferentes axentes intervenientes.

16. Segundo a Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo da Xunta de Galicia, no caso de que no centro se detecte unha situación de violencia de xénero:

- a) Contactarase co persoal do Centro de Información á Muller (CIM) ou, de non existir CIM, cos servizos sociais comunitarios para solicitar a derivación formal da vítima.
- b) Derivarase á Xunta para consultar o recurso que corresponde por territorio.
- c) Contactarase co Xulgado para denunciar ao menor agresor.
- d) Non se contactará nin derivará a ningún recurso para preservar a privacidade da vítima.

17. Segundo o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero da Xunta de Galicia, entre as recomendacións educativas e organizativas en relación co xénero que o/a menor sente como propio, recóllese:

- a) De acordo cos principios de igualdade e inclusión, realizaranse no centro actuacións diferenciadas por sexo ao estar plenamente xustificada a diferenciación no Programa Anual de Centro.
- b) A pesares de ter un trato xeral respetuoso coa persoa en cuestión, terase en conta a normativa e deberá responder polo nome que consta na súa documentación.
- c) De acordo cos principios de igualdade e inclusión, non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo, e se por algunha causa concreta e plenamente xustificada esta diferenciación fose necesaria, terase sempre en conta a identidade de xénero manifestada e coa que o alumno ou a alumna se sente identificado.
- d) Os nenos e nenas non teñen capacidade para manifestar que xénero senten como propio.

18. Segundo o Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso da Xunta de Galicia., entre as estratexias de prevención na aula está:

- a) Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconecemento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos
- b) Facer un rexistro de todos os conflitos que acontecen dentro da aula.
- c) Sinalar a un alumno ou alumna que vixie aos nenos e nenas vítimas de acoso.
- d) Traballar co grupo pautas para regularse e acordar as medidas sancionadoras que valoran positivas para a propia aula.

19. A que se refire o concepto de “dobre xornada”?

- a) Á carga excesiva que sufren as persoas con vulnerabilidade, ao verse na obriga de coller un segundo traballo para poder chegar a unha cantidade económica que lle permita subsistir.
- b) Ás horas a maiores que fan as mulleres en sectores precarizados e que non están remuneradas.
- c) Á carga horaria que teñen os sectores feminizados por non ser postos de traballo suficientemente valorados, especialmente no caso dos traballos relacionados con coidados.
- d) Á dobre carga de traballo que sofren as mulleres, ao ter que compaxinar, por falta de corresponsabilidade e conciliación, o traballo remunerado do ámbito laboral co traballo non remunerado do ámbito doméstico.

20. Segundo a Guía básica para unha comunicación inclusiva, diversa e non sexista do Colexio profesional de Educación Social de Galicia, un uso sexista da linguaxe é:

- a) Usar o masculino xenérico para referirse, de forma concreta ou xenérica, aos homes.
- b) Usar o masculino como xenérico para referirse a realidades ou grupos de persoas de forma concreta ou xenérica, formadas por homes e por mulleres.
- c) Usar o masculino para homes e o feminino para mulleres.
- d) Usar o feminino xenérico para referirse, de forma concreta ou xenérica, ás mulleres.

21. Segundo a Guía básica para unha comunicación inclusiva, diversa e non sexista do Colexio profesional de Educación Social de Galicia, as palabras colectivas fan referencia a :

- a) Clasificación de familias de palabras relacionadas entre si para referirse a ambos xéneros.
- b) Palabras xerais para referirse aos grupos de persoas dun xeito correcto.
- c) Palabras cun significado colectivo en que se inclúen o feminino e cuxo emprego é recomendable para evitar a linguaxe sexista.
- d) Palabras cun significado colectivo en que se inclúen o feminino e o masculino e cuxo emprego é recomendable para evitar a linguaxe sexista.

22. Segundo o documento do Colexio profesional de Educación Social de Galicia, cal NON é unha función das educadoras e educadores sociais no ámbito da Igualdade:

- a) Deseño, execución e avaliación de Plans de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes
- b) Deseño, execución e avaliación de programas de prevención da violencia machista no ámbito escolar, laboral e comunitario
- c) Acompañamento no momento da intervención policial con mulleres en situación de violencia de xénero, así como das súas fillas e/ou fillos.
- d) Deseño, execución e avaliación de programas de coeducación dirixidos a toda a comunidade educativa.

23. O sistema “sexo-xénero”:

- a) Consiste en que, por nacer cun determinado sexo, muller/home, é dicir, cunhas diferenzas biolóxicas adxudícasenos un xénero, feminino ou masculino. Ademais, hai unha valoración social das habilidades, comportamentos, traballos, tempos e espazos masculinos e unha desvalorización dos femininos.
- b) É o sistema que emprega a sociedade para saber de qué xénero é cada sexo.
- c) Consiste en que ao nacer cun xénero, iso determina o sexo que terás posteriormente na sociedade.
- d) Consiste en que, por nacer cun determinado xénero, muller/home, é dicir, cunhas diferenzas biolóxicas adxudícasenos un sexo, feminino ou masculino. Ademais, hai unha valoración social das habilidades, comportamentos, traballos, tempos e espazos e unha desvalorización dos masculinos.

24. Segundo se recolle no artigo 8 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, o sistema galego de Servizos Sociais estrutúrase conforme a que niveis de actuación:

- a) Servizos sociais básicos e servizos sociais especializados.
- b) Servizos sociais comunitarios e servizos sociais de atención primaria
- c) Servizos sociais comunitarios e servizos sociais específicos.
- d) Servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados.

25. Segundo o artigo 157 da Lei 7/2023 para a igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia, o nivel de coñecemento medio en materia de igualdade de xénero e de prevención e loita contra a violencia de xénero é de:

- a) 300 horas formativas.
- b) 10 horas formativas.
- c) 150 horas formativas.
- d) 25 horas formativas.

26. O servizo que facilita e preserva a relación entre as persoas menores de idade e as persoas da súa familia en situación de crise, e que permite e garante a seguridade e benestar dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas, recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, é:

- a) Oficina de atención ás vítimas.
- b) Puntos de encontro familiar.
- c) Programa de atención psicolóxica para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- d) Centro de Información á Muller.

27. No protocolo de acoso escolar dos centros educativos, os criterios de identificación do acoso son:

- a) Nivel socioeconómico, país de orixe e habilidades sociais.
- b) Intencionalidade de facer dano, repetición das condutas agresivas e duración no tempo.
- c) Trastorno de conducta, idade e nivel de estudos.
- d) Todas son falsas.

28. Segundo a Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo da Xunta de Galicia, entre as recomendacións a ter en conta polos centros educativos, atópase:

- a) Faise imprescindible, polo tanto, que o profesorado estea formado na deconstrución dos prexuízos ou tópicos machistas para que poida levalos á aula e impida que estas ideas falsas se instalen no alumnado, xa que obstaculizan a súa prevención da violencia machista.
- b) Faise imprescindible, polo tanto, que o profesorado cumpra coas sancións que correspondan cada vez que haxa unha falta de respecto dun alumno a unha alumna.
- c) Faise imprescindible, polo tanto, que o profesorado comunique con inmediatez ás familias implicadas calquera indicador de desigualdade na aula.
- d) Faise imprescindible, polo tanto, que o profesorado derive a Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación os conflitos nos que se perciba un comentario despectivo a unha alumna por parte dun alumno.

29. Segundo o establecido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, A Xunta de Galicia establecerá un procedemento abreviado para a tramitación, concesión e abono da renta de integración social de Galicia (RISGA) para as mulleres que sufran violencia de xénero e cumplan cos requisitos legais para a súa percepción, a estes efectos:

- a) O recoñecemento do dereito a prestación e o seu abono efectuarase no prazo máximo de 1 ano dende a solicitude formulada pola interesada ante os servizos sociais correspondentes.
- b) O recoñecemento do dereito a prestación e o seu abono efectuarase no prazo máximo de 1 mes dende a solicitude formulada pola interesada ante os servizos sociais correspondentes.
- c) O recoñecemento do dereito a prestación e o seu abono efectuarase no prazo máximo de 2 anos dende a solicitude formulada pola interesada ante os servizos sociais correspondentes.
- d) O recoñecemento do dereito a prestación e o seu abono efectuarase no prazo máximo de 3 anos dende a solicitude formulada pola interesada ante os servizos sociais correspondentes.

30. Segundo a Lei 03/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) As familias formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.
- b) As familias formadas por un pai ou nai que formalizasen un acollemento.
- c) As familias formadas por un pai ou nai que aporte maior cantidade económica á crianza
- d) As familias formadas por un pai ou nai que teña menos ingresos cando existe unha custodia compartida.

31. Segundo o protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar, as persoas implicadas nunha situación de acoso escolar ou ciberacoso son:

- a) As vítimas, as persoas acosadoras, e as persoas espectadoras.
- b) As vítimas e as persoas acosadoras.
- c) As persoas acosadoras e as persoas espectadoras.
- d) Ningunha é correcta.

32. É un recurso fronte a violencia de xénero:

- a) Os Puntos de Atención a Infancia.
- b) Os Centro de Información á Muller.
- c) O servizo de educación e apoio á familia.
- d) As escolas infantis municipais.

33. Atendendo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cal NON é unha función do servizo de atención 24 horas:

- a) Poñer en coñecemento do centro de saúde a situación de violencia de xénero detectada.
- b) Colaborar e coordinarse coa rede de información ás mulleres.
- c) Proporcionar asistencia axeitada fronte a situación de vulnerabilidade emocional e psicolóxica.
- d) Prestar asistencia e, no seu caso, derivar ao recurso mais axeitado.

34. Segundo a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia, se estamos a falar dun trato menos favorable dado a unha persoa, sexa home ou muller, por razón de ter solicitado, estar disfrutando ou ter disfrutado dos seus dereitos de conciliación da persoa persoal, familiar e laboral, tratase dunha:

- a) Discriminación por maternidade e paternidade.
- b) Discriminación dos dereitos de conciliación.
- c) Non existe discriminación.
- d) Discriminación sexista por asociación.

35. Segundo a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia; é unha medida no ámbito educativo:

- a) A formación do persoal docente.
- b) A colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade.
- c) O fomento da creación de asociación, organización e colectivo LGTBI.
- d) Non existen medidas no ámbito educativo na citada lei.

36. Segundo a Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Valdoviño, en relación á atención ao público:

- a) Todos os servizos de todas as unidades administrativas que teñan relación co público fomentarán o uso do idioma galego mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación de entrada, tanto oral como escrita, practicando a oferta positiva en lingua galega.
- b) Todos os servizos de todas as unidades administrativas que teñan relación co público empregarán a lingua que desexen e na que sintan maior comodidade.
- c) Todos os servizos de todas as unidades administrativas que teñan relación co público fomentarán o uso do idioma castelán mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación de entrada, tanto oral como escrita, cambiando ao galego se a persoa llo pide.
- d) Na ordenanza non se recolle ningún punto de atención ao público porque a lingua usada é persoa.

37. Cantas prazas ten o Punto de Atención á Infancia de Valdoviño?

- a) 9
- b) 40
- c) 20
- d) 35

38. O Punto de Atención á Infancia de Valdoviño, que idades acolle?

- a) 2-5 anos
- b) 1- 3 anos
- c) 0-3 anos
- d) 3-6 anos

39. Cantas parroquias ten o Concello de Valdoviño?

- 1) 2
- 2) 8
- 3) 14
- 4) 19

40. Que dous concellos son limítrofes con Valdoviño?

- a) Narón e Cedeira
- b) Ferrol e Fene
- c) Mugardos e San Sadurniño
- d) Neda e Ferrol

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Segundo o artigo 15 do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- a) O Presidente da Xunta será politicamente responsable ante o Parlamento.
- b) O Presidente da Xunta será politicamente responsable ante a Xunta de Galicia.
- c) O Presidente da Xunta será politicamente responsable ante o Congreso dos Deputados.
- d) O Presidente da Xunta será politicamente responsable ante o Rei.

2. Os entes locais, para regular determinadas condutas da cidadanía ou para organizar os seus propios servizos, poden ditar disposicións administrativas de carácter xeral que reciben o nome de:

- a) Ordenanzas ou regulamentos
- b) Ordenanzas ou actas
- c) Certificados ou regulamentos
- d) Informes ou certificados

3. Segundo a Lei 03/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, NON se atopa entre os principios reitores da conciliación da vida persoal, familiar e laboral:

- a) A implicación en termos de igualdade dos homes e as mulleres no coidado, atención e desenvolvemento da familia, promovendo a voluntaria corresponsabilidade nas tarefas e obrigacións familiares, respectando o libre acordo das partes na distribución das mesmas.
- b) A sensibilización social sobre a necesidade de compatibilizar as obrigacións familiares e laborais sen que iso supoña un menoscabo da condición profesional.
- c) O fomento da implicación e responsabilidade da propia familia na educación e atención daqueles dos seus membros que o precisasen.
- d) Analizar os indicadores sociais para facer un diagnóstico da realidade e das necesidades existentes para crear un plan de conciliación integral que dea resposta á demanda recollida.

4. Os centros de acollida, segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, son:

- a) Recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.
- b) Recursos especializados residenciais de longa duración que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.
- c) Recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e os menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.
- d) Recursos terapéuticos con programas anuais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e os menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero.

5. Indica que parroquia NON é de Valdoviño

- a) Meirás
- b) Pantín
- c) Vilarrube
- d) Elviña